

Vigo, 27 de maio do 2019

Estimado Sr/Sra:

Un ano máis, Cruz Vermella continúa ofrecendo apoio ás familias daqueles nenos e nenas que teñan dificultades para adquirir o material escolar ou inclusive os libros de texto, **complementando a bolsa da Xunta de Galicia solicitude imprescindible para optar a esta campaña.**

No caso de que detecten esa necesidade nalgunha das familias dos seus alumnos/as, pregámoslles que os informen da posibilidade de contactar connosco para a cobertura da mesma, indicando que **recolleremos as solicitudes na Asemblea da Cruz Vermella de Vigo do 18 ó 28 de xuño**

A **documentación imprescindible** a presentar para facer a solicitude é a seguinte:

- Certificado de empadramento conxunto.
- Libro de familia.
- Fotocopia do DNI dos adultos.
- Última nómina.
- Certificados de ingresos positivo ou negativo de todos os adultos da: Seguridade Social, INEM (certificado online) e Xunta.
- Copia da solicitude da bolsa.

Facer fincapé en que Cruz Vermella só facilitará axudas de carácter material e non terá en conta as marcas específicas, polo que agradeceremos a súa flexibilidade á hora da elaboración das listas no referente a estes aspectos.

Agradecemos de antemán a súa colaboración e confiamos en que a través do traballo responsable de todos e todas poidamos mitigar as situacións de vulnerabilidade social que viven moitas destas familias.

Un saúdo